



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de Noemí Braña Seijo como Técnica de xestión, persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, pertencente ao grupo A, Subgrupo A2, da Administración Xeral, Subescala de Xestión neste concello.

Núm. Admvo. Expte.: 2020/X999/000064

Expte. Decreto Núm.: 2021/G003/000353

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 54/2021, de 09/02/2021, se aprobaron as bases e a convocatoria do proceso selectivo para cubrir con persoal funcionario interino, por acumulación de tarefas, unha praza de técnico de xestión, do Grupo A, subgrupo A2, escala de Administración Xeral, subescala de xestión, no Concello de Laxe e creación dunha lista de reserva

Vista a proposta do tribunal cualificador de data 16/06/2021 respecto da relación definitiva de persoas aprobada por orde de puntuación e da lista de reserva.

De conformidade co artigo 21.1.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o artigo 7 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro. Realizar o nomeamento a favor de Noemí Braña Seijo, con DNI núm. ***737*** como Técnica de xestión, persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, pertencente ao grupo A, Subgrupo A2, da Administración Xeral, Subescala de Xestión neste concello.

Segundo. O prazo de duración da interinidade será por un prazo máximo de seis meses.

Terceiro. Dispor a cantidade de 14.427,67 euros á que ascende a retribución ao nomeado/a.

Cuarto. A interesada ten un prazo de tres días hábiles contados a partir do día seguinte ó desta publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello para presentar no Rexistro do concello a documentación establecida na base décimo primeira.

Quinto. Unha vez presentada a documentación establecida na base décimo primeira e constatando que a interesada entregou a documentación esixida, procederase a toma de posesión nun prazo máximo de 1 mes a partir da publicación do nomeamento, de conformidade co artigo 60.e) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia

Sexto. Establécese a seguinte lista de reserva por orde decrecente de puntuación:

Nº	NOME E APELIDOS	DNI	PUNTUACIÓN N FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO	PUNTUACIÓN SEGUNDO EXERCICIO	PUNTUACIÓN TOTAL
1	IVON CARRODEGUAS RODRIGUEZ	***029***	3,70	13,20	22,00	38,90

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

2	MIGUEL GÓMEZ IGLESIAS	***493***	0,50	13,45	24,00	37,95
3	SONIA DIEGUEZ RODRÍGUEZ	***556***	0,40	15,75	21,50	37,65
4	LUCAS MEDA HERBOJO	***856***	0	12,45	21,00	33,45
5	SILVIA M ^a PINAL SEOANE	***566***	0	10,55	20,50	31,05

Sétimo. Comunicar ao Rexistro de persoal para os efectos oportunos.

Octavo. Publicar esta resolución de nomeamento na páxina web do concello (concellodelaxe.com) e no Taboleiro de Anuncios do concello, indicándolle á persoa aspirante que se no prazo indicado non presenta a documentación requirida ou non toma posesión da praza de funcionaria interina, quedará sen efecto o nomeamento realizado.

Noveno. Dar traslado ao Departamento de Contabilidade municipal para a realización dos trámites necesarios para o seu coñecemento e efectos.

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. José Luis Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde,
Asdo.: José Luis Pérez Añón

A secretaria-interventora
Asdo.: Begoña Carrasco García